



Resolución do Letrado Oficial Maior de 18 de setembro de 2019 pola que se corrixen erros na do 14 de agosto de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

Advertido un erro na Resolución do 14 de agosto de 2019 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 520, do 19 de agosto) pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, procédese a corrixir no seguinte sentido:

Excluír das listaxes de persoas admitidas do Anexo 4 da antedita dita Resolución, referido á "Convocatoria de 1 Bolsa de Formación en Recursos Humanos e Contratación", e do anexo 5, referido á "Convocatoria de 1 Bolsa de Formación en Xestión Parlamentaria", ás seguintes persoas:

Nº	APELIDO	NOME	DNI
5 anexo 4	LOMBARDÍA FERNÁNDEZ	YASMINA	**6297**
9 anexo 5	MONZÓN PÉREZ	ENMA	**7481**

En ámbolos casos, unha vez examinado os expedientes constátase que as respectivas titulacións foron acadadas con anterioridade ao curso académico esixido, independentemente de que se teñan expedidos os títulos con posterioridade; polo tanto non compren co requisito establecido na base cuarta da convocatoria "requisitos esixidos", no seu apartado c): *as titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2013-2014 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.*

Esta corrección de errores non implica a apertura dun novo prazo para a alegación ou emenda de documentación das persoas excluídas.

Contra a presente resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela 18 de setembro de 2019

O letrado Oficial Maior

Xosé Antón Sarmiento Méndez